

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8 DE MAIO

### **2.- Solicitudes de licenzas de obras.**

FAVORABLES.-

2226/04.- Jesús Baleato Pensado.- Derruba de construción existentes e construción de nova edificación (viv. unif.) na R/ Entregaleras.-

2601/05.- Jesús Landín García.- Viv. unif. en Cañoteira, parcela 481 de concentración de San Miguel dos Agros.-

PRÓRROGA.-

215/06.- Inversiones Iglesias García, S.L.- Tres edificacións na U-14 do Plan Especial na R/ Castrón D´Ouro.-  
©.-

APERTURAS.-

Lap/19/05.- Trapsa.- Apertura de garaxe (cocheras de autobuses urbanos), taller e instalación de subministro de combustible para uso propio en Rúa de Amio.

### **6.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á aprobación do financiamento de proxectos de intervención social para a prevención da marxinação do pobo xitano.**

Apróbase unha subvención para o financiamento dos devanditos proxectos por un importe de 56.863 euros.

### **7.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á aprobación de diversos convenios.**

Dáse conta da sinatura dos convenios coa Cruz Vermella (9.015 euros), coa Asociación "Voluntarias de la Caridad" (3.005 euros), coa Cociña Económica (9.015 euros) e coa Asociación Chavos (3.000 euros).

### **8.- Proposta da concelleira delegada de medio ambiente relativa á instalación de catro contedores soterrados no polígono de Fontiñas.**

Acórdase solicitar á Consellería de Medio Ambiente o financiamento do 100% desta instalación, por un importe de 59.980 euros.

### **9.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de Reurbanización da rúa Nova de Abaixo.**

Apróbase o prego e o inicio do expediente da devandita asistencia técnica, por un importe de 27.417 euros.

### **11.- Proposta da concelleira de réxime interior relativa á adxudicación do Subministro e instalación de sistema de control de acceso mediante tarxeta para salas de CPD.**

Adxudícase o subministro e a instalación por un importe de 6.733 euros.

### **12.- Proposta da concelleira delegada de Limpeza relativa á resolución do contrato de Subministro de papeleiras para o barrio de FONTIÑAS e aprobación de novo prego e inicio de novo expediente.**

Resólvese o contrato co empresa URLE SL e apróbase o novo prego e inicio do expediente.

### **13.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Mantemento e Conservación dos enlousados no Casco Histórico.**

Apróbase o proxecto e o prego, cun importe de licitación de 59.992 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada da Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias (UMAD) relativa á prórroga do Convenio de cofinanciamento para o desenvolvemento de programas de prevención, e/ou incorporación social de drogodependencias do Concello de Santiago para 2006.**

Prorrógase o convenio para o bienio 2006-2007, por un importe de 92.589 euros, dos que 77.589 serán achegados pola Consellería de Sanidade e 15.000 euros polo Concello de Santiago.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudio de detalle na rúa Betanzos.**

Apróbase inicialmente o estudio, segundo o proxecto presentado por CIMBRANOR S.L. o 28 de abril de 2006.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa á asistencia técnica para actividades de asesoramento na avaliación de proxectos empresariais e a posta en marcha de microempresas do proxecto EQUAL COMPOSTELA SOCIAL.**

Apróbase a contratación dunha asistencia técnica para esta fin coa empresa Planing S.L., por un importe de 6.588 euros.

**18.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Sala Yago SL.**

Dáse conta da sinatura do convenio para o desenvolvemento de actividades culturais ó longo do ano 2006.

**19.- Proposta da concelleira delegada da muller relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Igualdade e o Concello de Santiago para o mantemento do Centro para a atención a mulleres vítimas de violencia dependente do Concello.**

Apróbase o convenio, ó que se destina unha contía de 30.000 euros

**20.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á desestimación dunha solicitude de exención no IBI.**

Desestímase a solicitude de exención.

**21- 67.- Diversas propostas do Concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas á bonificación no Imposto de bens inmobles e sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Apróbanse as devanditas bonificacións.

**URXENCIAS.-**

**1.-** Adxudicación a Compostela Visión S.L. de 29.670 euros para a creación dun arquivo audiovisual do Concello.

**2.-** Acórdase o contratación dun técnico de orientación laboral para servizos de promoción de emprego municipais.

**3.-** Ratifícase a resolución do contrato de construción e xestión dun aparcamento na rúa Xoán Carlos I á UTE Puentes-Espina.

